


Documento distribuído por
 culturagalega.org

Data de publicación: 2 de abril de 2007

Bibliografía comentada de 20 libros coeducativos escritos en galego e publicados desde 2005

Elaborada por Montserrat Pena Presas



CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tel: +34 981 957 202/ Fax: +34 981 957 205 / xenero@consellodacultura.org

BIBLIOGRAFÍA COMENTADA

Esta bibliografía non pretende ser, nin moito menos, un percorrido por todas as obras non sexistas da literatura galega infantil e xuvenil. Afortunadamente, estas son moitas e, a cada paso, máis. Tan só pretende achegar aos mediadores e mediadoras, xa sexan estes pais ou nais, mestras ou mestres, xentes do mundo da investigación ou do mundo da biblioteca, unha proposta: unha selección de vinte libros que inciden ou fan fincapé, polos valores e actitudes que transmiten, na coeducación. Hai máis obras coeducativas que as que aquí amosamos, mais a nosa escolla centrouse nestas por diferentes motivos: o seu interese argumental, os seus valores transversais, o seu recoñecemento no mundo literario ou mesmo a fermosura con que se realizou a súa edición. Cómpre sinalar que só agrupamos os libros en tres bloques básicos: primeiros lectores e lectoras, lectorado cunha formación media e lectorado máis experimentado (que se correspondería coas lecturas xuvenís). Non nos pareceu oportuno compartimentar máis as obras que aquí propomos, crendo como cremos que a literatura infantil e xuvenil, tamén é necesaria e mesmo moi sá para o universo adulto. Debido a isto, consideramos que os nenos e nenas poden achegarse a libros que lles esixen un esforzo engadido e a outros que son para eles tan sinxelos que lles semellan un xogo. Todo depende de como esa mediadora ou mediador presente as obras ante os ollos, sempre ben abertos, dun cativo ou dunha cativa. Por outra banda, quen nos di que unha rapaza de oito anos non ten unha formación lectora meirande que un mozolo de once? A experiencia lectora é un reto que todos asumimos individualmente, polo que os nosos avances e os nosos retrocesos, en definitiva, as nosas progresións, non só se deben á nosa idade (a pesar de que si están orientadas por ela), senón ás nosas ganas e as nosas capacidades para camiñar no para uns moi prateiros, para outros máis espiñentos, vieiros da lectura.

Así mesmo, esta bibliografía só recolle producións de 2005 en adiante, xa que no ano 2004 saíu do prelo *Guía de literatura infantil e xuvenil non discriminatoria*, que contén unha variada recompilación de obras, xunto cunha ampla síntese de cada unha delas e mesmo suxestións didácticas para traballar na aula. Nós, nesta abordaxe ao tema, propoñemos, a través dunha sinxela explicación do argumento, títulos de ficción para os destinatarios principais da LIX . Con isto non pretendemos outra cousa que alertar o mundo adulto, acender unha luz no camiño, como un faro no medio do mar, para sinalar aquelas obras que presentan interese. Un mundo que debe, por forza, porque nestes libros vai o futuro, navegar nos aínda complicados, mais tan necesarios mares, da educación para a igualdade entre rapazas e rapaces. Boa travesía.

Para primeiras lectoras e lectores:

-Arnal, Txabi (2007). *Tres irmás ladroas*. Ilustracións de Elena Odriozola. Tradución de Marisa Núñez. Pontevedra: OQO Editora.

Oculto, Lucía e Xusta son tres irmás decididas a brillar máis que ningué, aínda que para iso se vexan obrigadas a roubar calquera cousa. Ao final, porén, descubrirán que ese

fulgor que procuran sen descanso non se atopa nos elementos que elas pensaban, senón noutros moito máis sinxelos

-Campanari, José (2007). *Sígueme*. Ilustracións de Roger Olmos. Tradución de Marisa Núñez. Pontevedra: OQO Editora.

Historia dun particular elefante e dunha formiga moi especial e decidida que están dispostos a vivir a súa relación sen ter en conta o que pensen os demais con respecto ás súas diferenzas. O elefante non renuncia a seguir á súa aventureira amada polos sitios de máis difícil acceso para el.

-Ferrer, Ánxeles (2006). *Tres princesas namoradas*. Vigo: Galaxia, col. Árbore.

Todo comeza cando tres irmás se namoran dun mesmo príncipe. Este, indeciso, non sabe a cal quere máis, polo que as tres princesas acordan tecerlle cada unha un xibón para que el poida elixir cal lle gusta máis. Tras os intelixentes consellos da súa fada madriña e seguindo as súas recomendacións, esta idea pareceralles unha parvada as irmás, polo que conclúen que, quen debe tecer unha capa para cada unha, é o príncipe. Con esta solución, todos se decatán quen son os que realmente están namorados. Ademais, o antes fachendoso príncipe afeccionarase a bordar.

-Núñez, Marisa (2005). *Celestino Tarambainas*. Ilustracións de Mariona Cabassa. Pontevedra: OQO, 2005.

Celestino é un home moi singular, vive á beira do río nun alpendre, onde ten un contacto diferente coa natureza, sentindo o seu devir antes que os demais. Por iso é o gardián das estacións, xa que toca a fruta tanto para saúdalas como para despedilas, mentres o resto da aldea olla bulir a súa música no aire das ruelas. Todo este traballo non o fai só, pois conta coa inestimable axuda de Rosamunda, unha mulleriña pequecha e silandeira. Mais un día a súa compañeira cae por un buraco no xeo e ninguén dos seus veciños é quen de dar con ela. A historia dun home moi sensíbel que parece non ser quen de enfrontarse ao mundo sen a súa amiga.

-Núñez, Marisa (2006). *Chocolata*. Ilustracións de Helga Bansch. Pontevedra: OQO, 2006.

Cando a hipopótama Chocolata sabe que abriron unha casa de baños na cidade, non dubida nin un instantiño en ir probala. A viaxe cara ao mundo urbano convertírase en toda unha aventura na que a protagonista vivirá diferentes anéctodas. De volta na lagoa, as amigas de Chocolata e o seu fiel mono Teófilo (que non dubida en probar o seu camión rosa) escoitarán encantados as historias que a hipopótama vivu no seu día fóra.

-Patacrúa (2006). *Loboferoz*. Ilustracións de Chené. Pontevedra: OQO.

Historia dun lobo que come papas de arroz e que xa non asusta a ninguén: nin burros, nin vacas, nin porcos, nin ovellas, que conseguen zafarse del por mor doutras habilidades e astucias que teñen moito que ver coa intelixencia.

-Slegers, Liesbet (2006). *Iago e Uxía*. Vigo: Tambre Edicións.

Este álbum ilustrado protagonizado por Iago é o primeiro título dunha serie destinada a primeiros lectores que emana coeducación. Bo exemplo disto é esta obriña concreta, na que os dous amigos comparten xogos de todo tipo, sen asociar estes ao masculino e ao feminino.

-Wilkoń, Piotr. *A ratiña Rosalinda*. Ilustracións de Jósef Wilkoń. Tradución de Fe González e Urs Taeger. Pontevedra, Factoría K de Libros.

Rosalinda, a arrichada e independente ratiña protagonista, non repara en marchar da casa cando se dá de conta de que os seus pais non a valoran abondo porque é diferente deles e ten costumes que non posúen a maioría dos gatos.

Para lectoras e lectores cunha formación media:

-Carballeira, Paula (2006). *Smara*. Ilustracións de Carol Hénaff. Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Seteleguas.

A avoa Ugago decídese a contarlle a un neno occidental que case non coñece todas as tradicións, historias e costumes de Smara, cidade situada no deserto do Sahara. Deste xeito, a herdanza milenaria do seu pobo quedará depositada nel pouco antes do pasamento da anciá. A obra emana interculturalidade a partir do intercambio de experiencias

-Caride Ogando, Ramón (2005). *A negrura do mar*. Ilustracións de Miguelanxo Prado. Vigo: Edicións Xerais, Colección “Merlín”.

Os irmáns Said e Shaila enfróntanse a unha das súas novas aventuras, esta vez unha catástrofe medioambiental producida no ano 2076. Sempre a partir dunha colaboración entre iguais, ao final da narración, os irmáns atopan a causa derradeira da marea negra.

-Casalderrey, Fina (2007). *A lagoa das nenas mudas*. Vigo: Edicións Xerais, Colección “Sopa de Letras”.

Amina deixa Nixeria para vir vivir a Galicia, onde coñecerá a Ío (unha rapaza xordomuda) e onde se terá que afacer a unha vida que pouco ten que ver coa que levaba anteriormente. Esta vez xa sen a compañía do seu inseparábel Edu. A historia dunha amizade mantida a pesar da distancia e doutra amizade conseguida a pesar da falta de palabras. Mais tamén a historia dunha convivencia entre culturas.

-Ezquieta, Itziar (2005). *O cuarto prohibido*. Pontevedra: OQO.

Tres irmás van sendo atrapadas por un xigante que pretende obrigalas a comer unha orella peluda. Ao negárense a facelo, decide cortarlles a cabeza e gardala nun cuarto escuro. Á fin, a astucia da máis nova das irmás salvará as demais desa terríbel situación. A pesar da desenvoltura e determinación que amosan as tres protagonistas, cómpre sinalar que a crueza do tema e dalgunhas das situacións que a narración presenta, así como as actitudes que mostran a maioría dos personaxes (insolidariedade, avaricia, crueldade), fan necesaria a axeitada intervención dun mediador ou mediadora.

-Neira Cruz, Xosé Antonio (2005). *A noite da raíña Berenguela*. Planeta & Oxford.

O vello das pombas e a neniña Comba cóntanos a historia da raíña Berenguela, unha moza afouta tomada moitas veces por rara, e mesmo por tola, que preferiu a propia liberdade antes que pechase na torre de marfín que semella corresponderlles a todas as raíñas. Unha peza teatral que, a pesar de partir da historia para dar paso á lenda, non implica a asunción de roles de xénero tradicionais, senón máis ben todo o contrario.

-Reimóndez, María (2006). *Usha*. Vigo: Edicións Xerais, Colección Merlín.

Unha cativa galega acompaña a súa nai, cooperante, á India. Alí irá á escola con rapaces e rapazas da súa idade, experiencia que lle servirá para achegarse moi de preto a unha nova cultura e, polo tanto, a un novo xeito de contemplar a vida.

Para lectores e lectoras máis experimentados:

-Aleixandre, Marilar (2007). *A expedición do pacífico*. Vigo: Edicións Xerais, Colección “Fóra de Xogo”.

As aventuras da arriscada e valente Emilia, editadas por primeira vez en 1994, chegan, neste 2007, á súa séptima edición, tras colleitar un gran éxito de público e de crítica (que avalan o Premio Merlín 1994 e o Premio da Crítica en 1995). A rapaza protagonista, que decide embarcarse como polisón da expedición que dá título á obra, vivirá unha época nas que as ideas feministas e a polémica entre o creacionismo e o darwinismo son un auténtico fervedoiro.

-Aleixandre, Marilar (2005). *Rúa Carbón*. Vigo: Edicións Xerais, Colección “Fóra de Xogo”.

A vida de Paula, unha moza de 17 anos, cambia cando descobre que o seu pai morreu poñendo unha bomba no nome de ETA. Viaxando un verán máis a Donostia, á casa da avoa, Paula terá que procurar o seu propio camiño e con el, a súa propia identidade.

-Alfaya, An (2006). *A sombra descalza*. Vigo: Edicións Xerais, Colección “Fóra de Xogo”.

As mulleres da familia de Elsa vense sometidas a unha sorte de pacto de silencio que só consegue mancalas e agochar segredos xestados no tempo da Guerra Civil. Todo ata que Elsa, decide comezar a tirar do fío da historia da súa tía avoa Sagrario, auténtica protagonista desa especie de maldición que pesa sobre a casa e que o avó, como patriarca, se ocupa de preservar. Ata que as mulleres deciden recuperar a voz de seu.

-Alonso, Fran (2007). *Cartas de amor*. Vigo: Edicións Xerais, Colección “Fóra de Xogo”.

Diferentes mulleres de distintas procedencias transmítennos as súas historias persoais a través de cartas ou de correos electrónicos, que en moitos casos testemuñan ou denuncian a súa desigual posición en relación ao sexo masculino.

-Alonso, Fran (2006). *Poetízate*. Vigo: Edicións Xerais, Colección “Fóra de Xogo”.

Porque a poesía tamén ten moito que ensinarnos, esta desenfadada antoloxía pensada para o lectorado non afeito ao mundo do verso, amosáanos como, na nosa literatura, as poetas son tantos como os poetas.

-Fernández Paz, Agustín (2006). *Corredores de sombra*. Vigo: Edicións Xerais, Colección “Fóra de Xogo”.

Claro Soutelo comeza a indagar de quen é o esqueleto que aparece entre as paredes do pazo da súa familia durante unhas obras e quen é a persoa que provocou que estivese aí. Isto levará directamente a moza a somerxerse nos acontecementos e consecuencias da Guerra Civil e do franquismo. Mentres está a procurar a solución dese misterio, a protagonista vese obrigada a repensar as súas escollas vitais e a pór en solfa a actitude de seu pai, un de tantos que, por propio beneficio, decidiu esquecer.

Montserrat Pena Presas

